

# A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.  
Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.  
América, id. 2 »

Pagos adiantados

Redacción e Administración: PRAZA M.<sup>a</sup> PITA, 17, baixo (Irmandade da Fala)

Número 102

A CRUÑA 5 DE OUTONO DE 1919

## IDIOMA E ORTOGRAFÍA

### Notas o marxén da discusión

Unhos e outros en rifa. Muito ben. A escuma d'o entusiasmo colmando os curazóns de todol-os hirmans galegos. As arelas de todos querendo erguer hastra o cumo d'a perfeución o noso mole, cristaiño, freisibre, preterido linguaxe. Quec's as maus, hirmans. Escoitade, que todos tedes razón. Nada importa que sigades distinto camiño. O alvo, a meta, é a mesma. Unhos coxidade n-as realidades persentes e outros non esquezades qu'a perfeución, o adianto, non require estar fitando de cote pr'ocamiño ançado. Nin estacar nin dar pulos pra caer esnaquizados. A dinámica d'o linguaxe ten as súas leises n-o tempo e n-as civilizacións que son c'os tempos. Os pulos, canto mais outos suben, mais sonora e escachante fan a caída n-o atraente chao, espello ineludible d'a realidade.

Todos tedes razón en canto perseguides un mesmo fin. Tédela todos os que puxestes a vosa vontade i-o voso entendemento ó servizo d'a causa d'o idioma, bandeira d'a nosa personalidade en todos os ordes.

Tres ourentaciós se marcan n-a escritura ortográfica d'o galego: a portuguesa, a fonética i-a tradicional. ¿Cál d'elas seguire? Ningunha e todas. A nosa! A qu'o tempo faga nosa! Porque ou temos personalidade ou no-a temos. Sea temos, compre o seu robustecemento, a súa diferenzación, a súa idiosincrasia persoalísima sin misturanzas. Si non-a temos, é valeiro e necio pertendere sere o que non somos, deixando de sere o que con outros imos sendo.

A nosa personalidade acúsase ben crara. Nin en portugueses nin en casteláns ficamos. Somos galegos nada mais. Partindo d'a nosa primitiva civilización aia pol-os celtas, foise formando a nosa personalidade sóbor d'ista c'o adiantamento profundo d'a latina i-a grandísima influencia d'a indo-germánica c'as persoas d'os suevos. Etnográfica i-historicamente somos un poño con caracteres propios, con personalidade definida. Tan soilo por semellansas raciales, afinidades históricas, esixencias xeográficas e relacións espritoaes temos muito de parecido c'os habitantes d'a beira d'aló d'o Miño. Parecido soamente.

Nos outros, os galegos, non pernunciamos mesmamente como os portuxeses. Sabido é qu'eles tiveron mezcra con razas africanas que nos outros non tivemos. Ista mezcra influiron, como non podían menos, n-a fala e hastra n-a constitución orgánica d'os nosos hirmans. O alonxamento nosco con Portugal pol-o podere de Castela foi causa de que non corríamos a mesma sorte. E sendo a prenunzación galega distinta d'a portuguesa, de ningún xeito habemos de empregar a súa ortografía. Eisi pois o noso soido d'a r (léiase *ere*, non *equis*,

estraña ó galego) non é igual os seus somellantes portugueses e franceses que se esquirben con *g, j, e, ch*. A nosa *x* non debe desaparecer. Ten suido peculiare de seu e fainos distintos entre os mais.

De acutare a ortografía portuguesa é cuase adoutare o mesmo idioma. Destoncias, en tal caso sobra o lidare pol-o rexurdimento d'o galego, i-entrouques chega con espallare pol-a Galiza toda a literatura portuguesa e todos adprendere a esquirbire e falare como Eça e Camões.

Non, meus amigos. Os idiomas e as ortografías d'os idiomas non se impoñen, nin son obra d'unhos días, nin d'unhos poucos homens mui sabidos e de mui boa vontade. Os idiomas fainos ó tempo, as civilizacións, as razóns d'unhos dos pobos c'os outros, as condicións climatolóxicas d'os diversos países d'o prane. A ortografía d'os idiomas corre parexas c'os mesmos, e hastra hoxe foi lei sua o costume e o espírito conservadore d'a etimoloxía. A fonética foi cuase sempre sacrificada e foino o mesmo pra unhos linguaxes que pra outros.

Viqueira e Risco—inda que non o dixeron como o mestre Ribalta—e todos os que nos adicamos a ensiñanza, sabemos moi ben canto útil sería qu'a ortografía d'as linguas tivera xeito fonético, fisiolóxico-científico. Elo redundaría en beneficio d'un maior adianto. Pro hoxe este desexo é unha ilusión, como unha ilusión de ilusións foi o esperanto, creado ó calore d'un bon intento, inda que trabucado.

Cantos tivemos a ocorrencia de esquirbire foneticamente, servimos de risa ós de ángulo faciano mui agudo, que son os mais. En nos outros non viron outra cousa que desexos de notoriedade. Cando a min me deu por esquirbire artigos en castelán con ortografía fonética, os meus inimigos chamábanme tolo vao e os meus amigos quixote. Qué din d'a ortografía castelana de Vargas Vila, d'a que eu nada direi agora nin en pro nin en contra?

E teñen razón. As circunstancias, a forza d'o costume en loita c'o Porgueso, lle la dan. Non ten razón que-a ten, sinón aquel a quen lla queren dare. E deixémonos de soños os que deseamos camiñare a presa. A realidade e realidade, Non esquezamos qu'os linguaxés modifícanse paseniñamente, lentamente, ó rodaxe d'os tempos, e quizaves n-o porvire...

Non matémol-o galego c'a ortografía fonética, e que ós nazionalistas non-os chamen cada vez mais quixotes! A razón é nosa, pro non-o la queren dare.

Esquirbamos en galego sin ollar para atrás tampouco. Nin Alfonso o Sabio, nin Sarmiento, nin Macías, nin Rosalía, nin Pondal, nin Valladares, nin Cuveiro, nin Saco, nin ningún sexan pra nos artigo de fe. Todos e ningún.

Qué ortografía seguirían os casteláns dinantes de Felipe V, fundadore d'a Academia da Lingua Castelana? Pois nos o mesmo. Hémonos d'ire c'os tempos e non habemos de mirare de cotío para atrás. Estacar endexamais. O noso idioma ten de tere un ar de modernidade, arelando sempre un senso filolóxico cada vez mais porguesivo, mais eistenso, mais univesale, mais en armonía c'os tempos que van pasando. O léxico galego non ten de acocharse só n-o círculo estreito d'o que se da en nomear os crásicos, os enxebres. Temos de dal-a face a todol-os idiomas, i-eisi como o castelán e os demais collen verbas d'os eistranos, nos outros habemos de faguer dous cartos d'o mesmo, e sóbor todo o portugués, por afinidade, debe sere a millor fonte pra nos. Iste linguaxe xa conqueriu canta modernidade, pulimento e riqueza ideolóxica conqueriron os idiomas modernos. Cando nos faga falla unha verba que non teñamos, xa sabemos donde está a canteira pra arrincal-a, labrada despois ó noso xeito filolóxico-fonético.

Esquirbamos como cada un esquirbe, como esquirba a maioridade, como esquirban os mellores. Cando teñamos autoridade que *limpe, fixe e de esprendor*, sigámola e obriguemola a tirar pra diante. Pro quén fai a autoridade? As maioridades trunfan e son a autoridade mesma. Son a forza. Y-enxérgase qu'ista forza de qu'eu falo é a consecente. Antes qu'o orgaismo é o funzón, e por iso nascen as acadmias d'as linguas cando os idiomas adquiren gran desmolo.

Veia! porque eu digo que naide está chamado en por hoxe a darnos normas compretas, patrós feitos e direitos, cambeos súpetos. As mazás maduran c'o tempo n-o pumar. Tempo ó tempo. Nin fitar de cotío pr'o camiño andado, nin ache garnos tanto ó portugués que deixemos de sere galegos, nin faguere risión con unha ortografía fonética que non ven a maduro aínda.

Veña galego, muito galego, fagamos galego de abondo, imifemos á maioridade i-os mellores; percuremos qu'os rótulos d'os establecimentos de todas crases sexan en galego; qu'os anuncios, os xornás, toda folla imprentada, esteñan en galego; falemos galego n-a casa, n-a rúa, n-o círculo; esquirbamos ós parentes, ós amigos, ó comercio, en galego. Na virá un orgaismo puxante que *limpe, fixe e dia esprendor*.

En Castela hai quen esquirbe *vaca* (animal) con *b*, *salao* por *salado*, *asi mismo* por *asimismo*. *Jibraltar* con *G*, etc. Lede a Azorin, a Rubén, a Ricardo León, a Vargas Vila, a Baroja, e xa me falaredes despois. Teñen todos a mesma ortografía i-un léxico eisatamente igual? Pois? Eu non vexo tanta anarquía como algús queren vere n-o idioma galego.

Acougade, hirmans, e non rifemos sin causa. Somos *hirmans!* C'o tempo, xa virán as uvas a maduro.

Quedas as maus.—A. SANTOS VILA.

## Po-la reforma ortográfica

### I

Teño unha razón fundamental contra a ortografía fonética: Admitindo-a apartaríamo-nos do mundo linguístico inteiro. E isolar-se e morrer! Ningunha lingua escribe-se fonéticamente. Sobre todo isolariamo-nos do portugués. ¡O galego non sendo unha lingua irmá do portugués senón un portugués, unha forma do portugués (como o andaluz do castelán), ten-se que escribir pois como portugués. Vivir no seu seo e vivir no mundo; e vivir sendo nós mesmos!

### II

Escribindo c'a nosa ortografía etimológica (admitida po-la nosa Academia) escribimos cuase como en portugués. Mais esta ortografía é difícil ja que o galego non se ensina na escola. Basándose na ortografía etimológica, pódese facer unha ortografía popular moi próxima á erudita ou propiamente etimológica e ademais práctica. Desta maneira:

1) X será sempre o sonido dobre c s; asin éxito IGUAL ecsito.

2) *Ge gi e ja, je, jo, ji, ju* (e dicir *g e j*) serán sempre a actual *x* simple; asin xente escribira-se gente, e xa, ja. *G e j* usaran-se po lo demais como a *g e j* castelás (uso aprendido na escola)

### III

A diferenza desta ortografía c'a erudita estará na X. Este por quen queira podera-se usar etimologicamente de maneira pura.

### IV

O único problema difícil da nosa ortografía é o do X G S. Co'a miña solución creo que pode practicamente quedar resolto.

### V

En resume: a ortografía fonética é a morte da nosa lingua; a ortografía etimológica é a súa vida cada vez mais grande. E pois a derradeira e difícil, cheguemos á solución conciliante que eu propoño.

JOHAN VIQUEIRA CORTON,

## Os nosos músicos

No proisimo mes de Outono terá de facerse o estreno do poema sinfónico *Estrelecer*, do que é autor o xoven compositor José Doncel.

A nomeada composición musical, terá de ser executada na Cruña pol-a Orquesta Filarmonica que dirixe o autor da citada obra musical.

Folgaremonos moito do hó eisito.

## Aos Irmans da Fala da Cruña

As "Irmaduras da Fala" coidan preciso a súa intervención na vida municipal dos povos pra conqurimento do seu ideal. A "Irmadura" da Cruña, comenzou xa os traballos preparativos para a próxima loita electoral, e fai saber a todol-os irmáns e simpatizantes da nosa Santa causa, maiores de 25 anos, a obriga de axudar na medida das suas forzas.

Horas de oficina, de 9 a 11 da noite.

A SEIÇÃO POLÍTICA.

## En lembranza de Porteiro

O número de A NOSA TERRA do día 25 próximo ha ser extraordinario, adicado en boa parte á memoria de Lois Porteiro Garea, pois axiña facerá un ano da súa morte.

Pregamos a todol-os nosos colaboradores asíduos que inda non teñen mandado nada sobre tan triste efemérides, nos remitan prestamente algún orixinal.

No mesmo número publicaremos unha fermosa poesía de Ramón Cabanillas nomeada "Agoiña de Dios" e unha crónica sobre a notabre Exposición do xenialísimo Imeldo Corral.

Terá de ser un número moi interesante o número próximo.

## A Ramón Cabanillas

¿Calache xa, poeta?  
¿Da tua forte lira  
fináronse xa os berros  
comestos pol-a ira  
e que no ar deixaban  
cheiros de maldizón?  
Fai chegar hastr'o pobo  
qu'arelante te escoita  
a carraxe qu'encerran  
os teus versos de loita,  
e amostralle o camiño  
da súa redenzón.

\*\*\*

O gran día do trunfo  
tua lira de rosas  
cantaráns das suas  
canzóns, as mais fermosas;  
mais entramentras o hino  
trunfal, non se ouce  
¡manteña as nosas almas  
de rebeldía acesas  
e por sempre dispostas  
ás mais outas empresas  
a tua lira férrea  
forxada n'unha fouce!

\*\*\*

¡Ouh poeta da raza!  
¡Poeta do momento!  
Non consintas se alonxe  
do noso pensamento  
a sagrada cobiza  
de ser unha nazón.  
Si o deber esquecemos  
creba, poeta, a lira  
e deixa qu'un anaco  
xusticieiro me fira,  
o qu'o ferirme rache  
meu pobre corazón!

F. A. AYAN.

UN PERSONAXE DE NOVELA BUFA

## Picorete, multipresidente.....

Picorete, parécese com'unha pingota d'auga a outra, ós mais bufos persoaxes trazados pol-a penna admirable de Eça de Queiroz.

El, ten a monomanía das iniciativas que poidan facel-o ser sempre home d'actualidá. Monomanía megalónama.

Namentras foi alcalde, dend'a alcaldía arga-

llaba sen trégoas. Mais fináronse os alcaldes de R. O. e entón tivo que pensar n'outras plataformas.

Presidente d'unha sociedade de recreio, dóuse a maxinare que relexido no cárrago difrentes veces, algunha vez tería de deixal-o. E ficaría tamen sen esta plataforma.

¿Como ter plataformas perpétuas? Pois creando, de nome samente, un centro americanista e un Instituto d'Estudios Gallegos. E proqramándose presidente *ad eternum* de somellantes institucións pantásticas.

¿Qué chega a España un persoaxe americano, ou se celebra unha festa americana? Pois Picorete, «americanista», en funciós, ¿Que se trata d'algún asunto rexional? Pois Picorete, «galleguista».

Mais inda non ll'abonda estas presidencias. E agora coidamos que creará a do turismo cruñés.

Asín ¿haberá meio de qu'él non poida ter vela en cantos enterros se fagan, non soilo en Galicia, senón en Hespaña e en América?

Dixose, por Emerson, que toda novela ou poema que s'escriba é tributario de Homero e que todo navío que chega ás Américas recibe o pasaporte de Colón.

Pois canto se faga en Galicia, por moito que se faga, agora e sempre, todo ha ser tributario e recibir o pasaporte de Picorete, Porque Picorete nas varias asambleias e congresos que leva orgaizado contou para si cantas iniciativas maxinabres eisistan.

E inda non satisfeito con esto quer pasar d'axuda de cámara do xenio á posteridade. ¿Cómo? Coma no moimento a Concepción Arenal. Pondo o seu nome n'unha lápida.

Un amigo noso, está inspirándose en todo esto para escribir unha novela. Leunos xa algún capítulos. Xulio Camba sabe del'o.

¿Non figura Picorete na «Casa da Troya»? Pois a inmortalizal-o dunha vez, seriamente.

## Sintoma de progreso

Lémos n'un xornal de Madrid:

«E' Ayuntamiento de Tarrasa ha desechado la concesión de un crédito que se pedía para alojar un regimiento de Artillería que ofrece el ramo de Guerra a petición de don Alfonso Sala, para guarnecer aquella ciudad.»

¡Com'aquí! Aquí pol-o conqurimento d'un batallón bótanse as campás a voo. Inda son capaces de rifar uns pobos c'os outros.

¿Non vos lembrades de que fai pouco mais d'un ano, xente de Compostela ofereceu o novo edificio da Escola de Veterinaria para coartel d'artillería? Pois xentes de Lugo, por conqurir outro reximento, pode que non dubidaran en ofreceren o pazo da Diputación, o do Circo das Artes ou a mesma catedral. E Ourense, Ferról, Pontevedra tamén ofrecerían a biblia.

A Cruña e mais Vigo é a quenes menos se lles da pol-a tropa. Mais ainda, ainda fican lonxe de pensaren n'esto coma Cataluña y-Euskadi.

Pobo que deseia coarteles, pobo morto ou atrasadísimo,

## PRA QUE TODOS O CONEZAN

## BUGALLAL E OS REPARTIMENTOS DE CONSUMOS

(O crédulo e o incrédulo discuten. E aquel confiado e cándido. E iste desconfiado e analítico).

*O crédulo.*—Vexo n-alguns xornaes non ministeria es qu'os galegos están furiosos cō seu paisano o conde de Bugallal. Non mo esprico. O conde de Bugallal, desaparecidos Monteiro Ríos e Besada, é un Himalaia do Noroeste. Tal vez, o día de mañan, o *catecúmeno romanista Leonardo Rodríguez poida erguerse á sua altura*. Hoxe por hoxe, non é posible.

*O incrédulo.*—Esquenze vostede a Riestra.

*O crédulo.*—Non-o esquenzo. Mais Riestra non ven a Madrid. Non abandoa o seu feudo. ¡E Bugallal trunfa soio na corte das que foron Españas.

*O incrédulo.*—Trunfa soio, sí; mais alá, en Galicia pōñeno como non digan donas.

*O crédulo.*—E verdade. I-elo abraíame de xeito estraordinario. ¿Qué mais poden queren os galegos? Gracias a Bugallal dispoñen, aunque sexa transitoriamente, do ministerio da Facenda; Desbancaron ós murcianos. Os viños do Riveiro venceron ó pimentón d'Espinardo. ¡E aínda s'encabuxan!...

*O incrédulo.*—Distingamos. Hai duas crases de galegos.

*O crédulo.*—¿Duas crases?

*O incrédulo.*—Sí, duas. A dos galegos opresores e a dos galegos oprimidos.

*O crédulo.*—Eisaxera vostede.

*O incrédulo.*—E Bugallal repersenta á primeira. E o home providencial dos caciques, dos foreiros e de cantos obrigan a emigrare ó desditado campesino galaico, tan bon, sofrido, traballador, calado e humilde...

*O crédulo.*—Asóciome de corazón ó diti-rambo. Mais sigo crêndo qu'eisaxera vostede. Bugallal, en Madrid, é o delegado de todol-os galegos, ricos e pobres, obreiros e burgueses, propietarios e desposeídos. Non esquenza vostede qu'o xeito esencial da idiosincrasia galega, cando se trata d'emigrantes, e a solidariedade.

*O incrédulo.*—Admiro o seu optimismo. Mais precisamente foi vostede quen aludeu á indignación dos galegos—dos galegos de segunda crás—contra o seu poderoso paisano o conde de Bugallal, oligarca máximo de Orense.

*O crédulo.*—¿E por qué se indignaron?

*O incrédulo.*—E unha historia edificante da moderna Picaresca Española. Refirireilla brevemente si quer.

*O crédulo.*—Vexamos.

*O incrédulo.*—Temos un técnico no ministerio da Facenda. E Flores de Lemus. Moi prusiano, de ideas moi conservadoras, logrou a confianza de varios ministros. Derradeiramente, en tempos do fracasado Goberno nazonal, foi favorito de González Besada.

*O crédulo.*—Sí. Lembro algo d'un proieito d'esaccións locais, obra, según s'aseguraba, do citado técnico.

*O incrédulo.*—Besada, enemigo da lei de substitución dos consumos, facía notare, apenas tiña ocasión, qu'eran moi poucos os Aunamentos qu'a tiñan cumprido. E aprobou o proieito de Flores de Lemus, e fíxoo seu, e apadrinou. Mais o Goberno nazonal era un monstro impotente, e Besada sabíao. De ahí que, antramentras se trocaba en lei do Reino, votada pol-as Cámaras, o proieito de esaccións locais, e, cō fin de donare ós Muni-

pios recursos lexítimos, publicara o seu decreto de Setembro de 1910.

*O crédulo.*—Que ordenaba...

*O incrédulo.*—Pôr en vigor unha parte do proieito citado.

*O crédulo.*—Mais ¿qué ten que vere?...

*O incrédulo.*—Me non interrompa. Nisa parte estaba comprendida unha nova forma de repartimentos municipais. Quitábase o dereito de repartiren as cárregas ós Municipios, e reemprazábase a istes con unhas xuntas de veciños e contribuentes asesoradas e intervidas por elementos eistropoliticos, tales como o cura párroco, o xuez, etc.

*O crédulo.*—Paréceme moi ben. O dereito de facel-os repartimentos e un arma terrível dos caciques.

*O incrédulo.*—Por iso se non apricou o decreto de Besada en casi ningún dos Municipios españoes. Os sotaoligarcas revolvéronse e decraráronse en mansa rebeldía. E movilizaron os seus diputados e senadores, e recurri-ron a todo xénero de intrigas e tronaron contra os Poderes Centraes, que pertendían perturbaren o ritmo regular e metódico dos seus orgaísmos adiministrativos. Sobre todo en Galicia houbo unha verdadeira eisproisión de carraxe. Choveron encol de Besada os anatemas. ¿Cómo se dexaira sorprendere? ¿Acaso iñoraba qu'os curas párrocos son enemigos decrarados dos caciques e fraternizan cōs elementos agrarios; y-en moitos Concellos dirixenos animosos? ¿A qué santo donarllles participarón nas xuntas de veciños? Besada caeu na conta de que fixera un pan como unhas hostias. Mais se non afouton a retificárese a sí mesmo. Ademais, sentiase moi doente, e deixou que caciques e anticaciquistas, s'as amañaran como poideran.

*O crédulo.*—E os seus sucesores no ministerio da Facenda...

*O incrédulo.*—Se non afoutaron a anulare o decreto de Besada, nin siquiera aproveitan-do certas petizóns de Municipios aragoneses.

*O crédulo.*—Lémbrome d'elas. Ises Municipios decían ó ministro: «Si nos quitades o dereito de repartimento ¿cómo imponemos contribución municipal ós facendados forasteiros?»

*O incrédulo.*—O problema e de doada solución: facultando ás Xuntas de veciños pra gravaren a propiedade do propietario ausente se lle resolvía,

*O crédulo.*—¿E Cierva non fixo nada?

*O incrédulo.*—Nin siquiera Cierva. Sen dúbida, tivo medo de qu'o acusaran, con razón, de favorecer ó caciquismo devolvéndolle os meios de coacción, opresión e venganza, que lle arrebataran Besada e Flores de Lemus.

*O crédulo.*—E Bugallal.

*O incrédulo.*—Bugallal si tivo o triste valor de suspender, por decreto, a execución do que mándou Besada, conservador, galego e oligarca formidável como él, fai un ano por agora. Logrou antre os seus afins esprituas un éisito cramoso. A ovación caciquil resoa por todal-as provincias españolas. Os alcaldes tirans e labercos, os segredarios marrulleiros e ávidos, os xefeciños de clientela elemental, aplauden como tolos. E ó aplaudiren, desprezan fondamente a Cierva, que se non arroxo ó que Bugallal se arroxa o seu verdadeiro proteutor é o actual ministro da Facenda, político esfinxe, según determinados plumíferos

que se pasan a vida inventando enigmas indecifrabels,

*O crédulo.*—Mais ¿por qué o decreto de Bugallal tivo en Galicia mais repercusión que nas outras rexións de España?

*O incrédulo.*—Porque alí o caciquismo e mais horribel que no Norte, o Sur o Este e o Centro. E os agrarios escomezaran a constituiren as Xuntas de veciños e pedían a berro pelado que se cumprira o mandado e se lles facultase pra facel-os repartimentos. Os labercos caciques galaicos estaban abraidos. Si os reparlos se facían de acordo coá xustiza estric-ta, ¿cómo poderían imporse ó labrego infeliz? ¿cómo persiguirían e arruinarían ó contrario insumiso? Era Bugallal a sua derradeira esperanza. A él acudiron. A él agarráronse, como o náufrago perdido en tempestuoso mare á taboa que ten de salvalo. E Bugallal, compadecido das suas angurias, devolveulles a arma terrível do repartimento, e con ela a insolente confianza na perdurabilidade da sua hexemonia.

*O crédulo.*—E os agrarios...

*O incrédulo.*—Caeron na mais fondá das desesperazóns. Agora predicán a emigración en masa a América. Posto qu'en España é imposible ceibarse de caciques e outras alimañas, non fica outro recurso qu'a fuxida.

*O crédulo.*—Parece mentira que Bugallal...

*O incrédulo.*—¿De que se abraie? Eu conezo moi ben ó siñore feudal de Ourense. E un home frío, frío, frío, macío, macío, macío...

FABIÁN VIDAL.

Do xornal *El Sol*.

## O teatro gallego

O Sr. D. Manuel Comellas dirixenos a seguinte sinxela carta, que con moito gusto publicamos, lamentando non poder ver representada na nosa cibdade a sua fermosa produción.

Aos siñores Conselleiros d'a «Hirmandade d'a Fala», n-a Cruña.

Meus quiridos hirmas: Como os mais enxebres representantes d'o espíritu rexional n-esa gran vila, maxino unha obriga pol'a miña parte darlles conta d'os motivos qu'opuñéronse á representación d'a miña comedia «Pilara» n-esa cibdade—berce d'o meu pai—contra d'os meus ferventes deseyos.

Tod'o mes de Setembro pasouse traballando pra facel'a, primeiro, n'o treato «Rosalia», dempois, no «Pabellón», sin poder chegar a conseguilo.

Quixen que fora a Cruña a primeira, unha vez estrenada eiquí, porque a ela correspondíalle por dereito propio e pol'o amor qu'eu téñolle; pro non estaba pra mín semellante contento.

O día 4 d'outono faráse en Lugo, si Diol'o quer, y-e mester que se seipa a imposibilidade de qu'o meu gusto se comprise.

Miñas verbas mais agarimosas pra vostedes siñores Conselleiros, d'este hirmá qu'os aperta de corazón.

MANOEL COMELLAS.

De Ferrol, día de San Miguel de 1919.

## CARTAS DA VILA

### Paralelismo interesante

Merez facerse un pequeno paralelo entre a psicoloxía das crases directoras de Vigo e mail-a Cruña. E merez facerse porque sendo a Cruña un povo lumioso, cheo d'arelas galeguistas, doinos a cantos queremos a Terra con fondo amore, desenraigados d'estúpidos localismos, que se leve por mal camiño canto afeuta os intereses da xenerosa, cordial e hospitalaria cidade herculina.

Decatádevos ben do que imos apuntare. A Cruña—non o pobo senon as crases directoras, coase fracasadas—péchase n'un localismo que a abafa. N'un localismo provinciano, tan pobre coma estéril e perxudicial. Pensa en cousas pequenas e estreitas. E refrexa a cotío o seu pensamento, o mesmo nos xornaes qu'en moitos actos públicos. Na Cruña unha boa casa ou un bó edificio, cuida construción anúnciase, fai xemer por espazo de moitos días as prensas. Na Cruña, orredor de cousas fantásticas, cal o das liñas aéreas trasatlánticas, verbi-gracia, bótase o resto nos boletis. E cando se pensa en expansiós ferroviarias, non hai quen chegue c'o maxin alen de Carballo, Corcubiñ e Santiago. Xa non falemos do republicanism cruñés, que poidera espallarse por Galicia, e apenas se saiu de Monelos para riba, posto que aquí somente queremos referirnos a cousas materiaes.

Con edificios, con privilexos d'este e d'aquel xeito para a Cruña, danse por satisfeitos os cruñeses.

Entramentras vede Vigo. Non fala nunca d'edificios, e a cotío s'ergue un bó edificio alí. Non soña con estaciós d'areonaves trasatlánticas, mais traballa pol-o ferrocarril a fronteira agora, coma traballara denantes pol-o V. V. Non se detén en fantasías, mais labora arreo pol-os viaxes rápidos mariños a América e pol-o milloramento do seu porto.

E asín, abranguendo hourizontes amplios de progreso, onde o meigallo localista fica escurrentado, é coma os pobos xurden con forteza.

Inda non fai moito tempo, n'un Congreso cruñés, que quería ser galego, homes que dínse modernos, trataron dos ferrocarrís que conviñan a Cruña, e silenciaron o chamado da Costa. Pior aínda: c'o proxeyto qu'eles mostraron facían meios de que aquel resultase inútil. E por qué? Porque coidaban que c'o ferrocarril da Costa Ferrrol sería cabeza de liña con perxuicio para a Cruña.

¿Haberá iñorancia maior que a que envolve este supósito que de non reitificarse tragnerá paralelamente o gran progreso de Vigo e o atraso para séculos da cidade herculina?

Pensade ben, cruñeses, que o único meio que terá a Cruña de facer ponderabre i-equilibrado o futuro desenrolo das riquezas galegas, ha de ser na base do ferrocarril da Costa. Pois si este ferrocarril non se fai, facéndose en troques o de Vigo, León, Burgos, a fronteira, tod'a corrente de vida mundial que chegue a Hespaña pasará por aquela liña, dandolle as costas a Cruña i-o Norte de Lugo.

Pensar n'esto, decatarse ben d'esto, si qu'é d'importancia e trascendencia para a cidade herculina. Coma que n'elo lle vai un porvir glorioso ou un porvir estreito, cativo e ruín. Non soilo importante e transcendente, senon de absoluta urxencia, hai que considerare o termar d'esto, logo.

Moito interès terán Carballo-Corcubiñ e Santiago; pero o voso mais alto interès, o voso supremo interès fica alen, moito alen aínda. Fica na comunicaciós da Cruña con tod'o Norte e Noroeste d'Hespaña, co'a fronteira francesa e a portuguesa. Soilo con ese ferrocarril a Cruña poderá trunfar no pleito dos viaxes rápidos a América. E enton—¡oh os aparvados co'a ideia d'unha casa de sete pisos e un edificio bó!—xa veredes com'a Cruña, localmente, se troca na grande urbe que cobizades.

Eu non fixen senon apuntar un paralelo entr'a psicoloxía das chamadas crases directoras de Vigo e a Cruña. Para choer estas liñas c'unha xusta gabanza para o puxante Vigo.

A. VILLAR PONTE.

### O CACIQUE RURAL

Montado n-unha besta ben mantida, e tan mantido com'a mesma besta, vai il derriba, por non cair esta na inxusticia de sere preterida.

Todo meixela a cara, confundida noidera ser, si soila diant'o espello a viramos, co'a parte que ó aparello leva riba de si, pois é cuspida.

Cuberto tod'o corpo de touciño, parés un fol de grau que vai pro muiño e n'il hastr'o esprito é material; il naceu pra comel-o do veciño, acabar cantos tópe no camiño e pensar c'o paquete intestinal.

XAVIER PRADO.  
(Lameiro.)

### LUGO, CURSI

## Un pobo que da noxo e lástema

Unha «Justa poética» ¿onde crédes que a estas outuras podería facerse? Pois en Lugo. En Lugo, qu'é a cidade mais inculta, mais cursi, mais ridícula, mais mansa, mais escravizada, mais apodrecida moralmente, entre total-as galegas. En Lugo onde a crás media—e pol-o mesmo os seus elementos directores—ten cantos xeitos esixe a paróeria para culminare no supraparvismo. (Deixamos a unha veira a xente do povo, xa qu'esta boa com'o bó pan, se non xurde é efeuto do ruín exempro e da cativa direición que recibe)

A cidade de Lugo serve dende *illo tempo* de campo d'esperimentación de cantos cuñeiros ensáyanse na Porta do Sol de Madrid. Apenas lles debe nada ós Gubernos, o Estado tenna esquecido, e con todo nas suas ruas lense nomes de políticos centralistas alleos a nosa Terra, namentras os patronimicos dos grandes artistas, pensadores e escritores galegos non figuran en ningures. Nen siquer lémbrase aquela vila podre de Nicomedes Pastor Díaz, o fillo mais ilustre da provincia, nen de Xesús Corredoira, o pintor mozo trunfante, nen d'Aureliano J. Pereira, nen de Rodríguez López, nen de Lois Porteiro, nen de Carracedo.

Ten d'abondo c'o pauto dos Pepe Benito *and company*. ¡Con decírvos que alí é persoa directora. coase *forza viva*, Antoñito Rapa-tundas e Mostachos!

Soilo en Lugo, vila morta, afundida n'unha noxenta escravitude, valeira de todo folgo cívico, podería, pois, facerse unha «Justa poética».

E unha «Justa poética» tan imbécil coma ides vere.

N'esa «Justa», haberá tres premios: Premio d'honor do «Orfeón Gallego», a millor poesía inédita que cante, *en castelán*, a Lugo. Primeiro premio do Gobernador civil ó millor soneto inédito, *en castelán*, adicado a música galega: E premio especial a millor poesía que cante, *en castelán* ou galego, ó «Orfeón».

Logo, ha ser mantenedor d'esa «Justa» o literato Ramón Fernández Mato.

¿Qué vos parez? Cousa orgaizada pol-o «Orfeón Gallego»—unha masa coral das do réxime antigo, das que poñían os ollos en branco pra cantar co'a boca pechada coma moscardós *preciosidades* do xeito das «Mariposas», «Oh, Pepita», «Bohemios», etc., que tanto fan rir a tod'o mundo, inclusive a Fernández Mato—non podía ser outra cousa.

¡Cantar a Lugo en castelán! Sen duda pra diferenciarse da Cruña que por Curros e Pondal foi cantado en galego, e d'Ourense e Pontevedra que en galego cantaron tamén poetas ilustres na nosa lingua.

Lugo castelán. ¡Así lle medra o pelo! Asín é o mais ridicol:mente provinciano que hai, na Hespaña. Asín é o pobo único capaz d'entusiasmarse co'as cursilerías de Cavestany. Asín fica satisfeito vendo coma un gobernador centralista, sinala premio para que a música galega se cante en castelán, arrenegando da musicalidade do idioma de Rosalía. Arrenegando do senso *enxebre* de Veiga e de Montes, lugueses.

¿Qué consciencia e que conciencia pódese pír-selle a un povo d'este xeito?

A ninguén ll'estrañará xa que seia o mais atrasado de Galicia no orde civil e en tódol-os ordes.

Sinte fachenda de sere colonia material e espiritoal de Castela. Avergónase da sua i-álma propia.

¡Terra morta, terra morta! ¿cando renovarás o milagre de Lázaro?

Os nazonalistas galegos, coma **todol-os elementos democráticos da nosa Terra, teñen a santa obriga de axexar confinamente perío dos "palvantes,, e "falasas,, para evifaren que estes, d'acordo con algús grandes caciques da nosa patria—selan marqueses ou o que selan,—orgalcen In-fenfonas monárquicas no irmáo Portugal.**

Onde olledes un "falasa,, non'ó dexeis en liberdade de framar complofs. Descubrilo ante os cónsules portugueses.

E obra patriófica e deber de xustiza.

PRA TODOL-OS IRMANS

## A próisima Asambreira

Nos derradeiros días d-iste mes tense acordado, pol-o Directorio das Irmandades, celebrar a segunda Asambreira nazonalista.

En principio tense pensado que seña en Santiago e denspois do día vinte.

Todol-os membros do Directorio están acordados na necesidade de cebrala axiña, porque se preparan grandes acontecimentos políticos e faise perciso estar preparados, con unidade de acción, pra dar outra vez comenzo á campaña nazonalista, oxe limitada pol-as circunstancias de suspensión de garantías e xeneral paralización da política centralista.

E tamen pensamento da maioría dos nazonalistas dar maior amplitude á nosa actuación política; por iso na Asambreira tamen será punto intresante a tratar o das nosas afinidades con outros elementos que, sin ser inda marcadamente nazonalistas, son fundamentalmente anticaciquiles, como sociedades agrarias e diversos grupos de opinión san que agardan orientacións seguras pra decidírense a loitar.

Por iso, parte da Asambreira adicarase a tratar asuntos exclusivos das Irmandades, e outra parte adicarase a asuntos de intrés xeneral pra todol-os galeguistas. Por iso tamen serán admitidos na Asambreira todal-as representacións de organismos ou entidades, que residindo en Galicia, non teñan ningún achego nin contacto co-as organizacións caciquiles, pra que xuntos todol-os bos galegos, veñan do campo que queiran, poidamos chegar a unha intelixencia pra o acabamento do caciquismo e o afinamento do ideal galeguista.

Compre pois, que todol-os irmans que teñan pensado asistir, vayan preparando temas e ponencias, para facer unha labor seria y-eficaz, tendo en conta que serán sempre de preferencia aqueles temas que se refiran á nosa actuación inmediata, porque, denspois de que-

dar fixado o noso programa na Asambreira de Lugo, a labor d-esta segunda Asambreira debe ser eminentemente práctica. E con esto queda dito que non haberá un cuestionario de temas ó que se suxeten os asambreistas, porque iso era anular a iniciativa, sempre fecunda, dos asistentes, sinon que se discutirán os que libremente presente cada entidade e a Asambreira declare que son pertinentes, como na de Lugo.

No próisimo número daremos detalles completos do día, sitio, e duración da Asambreira. Oxe samente nos resta insistir sobor da comenencia e inda necesidade de que asistan o maior número posibre de irmans, porque sin dúbida será de grandísima trascendencia a próisima Asambreira.

## Os poetas mais novos de Portugal

Versos inéditos enviados "A Nosa Terra" por Correa Calderón

### ODA A GALIZA

O terra da Galiza, ó Paço dos cantares, ó terra da Galiza, onde há o mesmo sol, e as mesmas coytas e saudades e mares que em Portugal!

O terra da Galiza, ó alpendre florido, donde a saudade um dia se abefrou, e mal te viu ao sol amanhecido, fez o seu doce ninho no beiral e gorgeou...

Galiza dos cantares dos cancioneiros, ó minha branda irmã, menina e moça, por ti cantam as águas dos ribeiros, outra magoa na terra se não ouça...

Por ti cantam as águas num rumor melodioso e fino, passando pela sombra dos pinheiros... e como o Dom Denis na cantiga d'amor, segredam-lhes de perto: ai, frolas de verde pino!

Por ti o vento canta na ramada, como um órgão de velha catedral na nave abandonada... Por ti o sol vem cheio d'oiro antigo, mais ledo que um jorgal, cantar á terra o seu cantar d'amigo!

Ondas do mar te cantam á beirinha seu romance de infantas encantadas, na sua voz o choro se adivinha, quem não lhes sente as lágrimas salgadas?

Oh terra da Galiza, ó Paço dos cantares, a doce Rosalia, por ti andou perdida, p'los teus ares!

O terra de Galiza, onde os ecos se esquecem ao longe da paisagem, exilados, a repetir os sons onde florescem as saudades que vem de corações liados! Ecos tam tristes, nunca os eu ouvi a repetir da gaita as notas traspasadas de penumbra e de magoa que sorri!... Só de lembrar-vos a minh'alma chora... Ai a saudade, ai é a Nossa Senhora com suas sete espadas!

No meu peito a saudade é muita, muita, graças que se da bem com os teus ares. O meu louvor e a minha magoa escuita, ó Terra da Galiza, ó Paço dos cantares, ó Terra da Galiza, onde há o mesmo sol, e as mesmas coytas e saudades e mares que em Portugal!

CARLOS SOTO DE OLIVEIRA.

¡QUE NOS POÑEN EN RIDICULO!

## Eses cómicos fachendosos de "Estudios Gallegos"

O Sr. Torres Quevedo, préganos faigamos costar que non é certo que a Seición d'Inxeniería do Congreso de Ciencias de Bilbao haxa aprobado unha concrusión para pedir ó Goberno que a futura liña aérea trasatlántica teña o seu punto de partida na Cruña.

E dícenos o Sr. Torres Quevedo, do seu puño e letra:

"Creo que algunos congresistas presentaron una mocion en ese sentido; pero no dieron conocimiento de ella a nuestra sección, y creo que necesitamos andar aun mucho camino para encontrarnos en condiciones de pensar útilmente en la manera de organizarse las líneas aéreas trasatlánticas".

Como non contesta a esto o Instituto d'Estudios Gallegos? Apresurouse a mandar copia de telegramas e notas oficiosas ós xornaes cruñeses, dando conta do que conseguiran seus representantes no Congreso de Bilbao, e logo Torres Quevedo desautorízaos, vénlles a chamar parvos e engaioladores dos papanatas e inxenuos de Galicia, e eles caladiños.

Foi a plancha maior que conecemos.

¡Parez mentira que homes xa vellos e de moita autoridá, coma Dieguez, Brañas e Carracido chegasen a perdel-os estribos!

## De Betanzos

O proximo xueves, nove do corrente, ten de realizarse no Teatro Alfonso de Betanzos unha velada teatral que honrará o teatro galego.

O noso irmán Fernando Osorio, acompañado d'alguns compañeiros e da distinguida aficionada señorita Rosa Armesto, pondrán en escea un escollido programa composto pol-o estreno do drama *Norte*; do monólogo orixinal de D. Jacobo Casal, *No Intimo*, e do apraudido pasatempo do falecido Marcelino Mezquita, *Unha Anecdota*.

Para o concurso de obras de teatro, aberto na *Irmandade da Fala* brigantina, son xa moitos os traballos que se teñen presentado ainda que o prazo para a entrega dos orixinais non fina até o derradeiro día do presente mes.

Prégase a todol-os suscriutores que non reciban o noso boletín manden a queixa ao ademenistrador pra facer a reclamación no correo.

Prégase asimesmo a os que teñen a suscripción en descuberto, remifan o importe pol-o xiro postal.

## Aniversario da morte d'Antón Fiaño Miravalles

O día 15 do derradeiro, con motivo de cumprirse o primeiro aniversario da morte do joven D. Antón Fiaño Miravalles, a Irmandade da Fala de Betanzos, adicou á súa memoria un recordo íntimo. O Consello Diretivo e irmans foron ao cimiterio d'aquel pobo a depositar, sôbor da tumba onde acougan os restos do que foi dino vicepresidente y entusiasta galeguista, unha coroa de frores naturaes.

Non podía pasare inadvertido para os irmáns de Betanzos o aniversario da morte de quen, como Antón Fiaño, foi un dos mais entusiastas fundadores d'aquela Irmandade; un nazonalis-

ta forte, a quen non podemos lembrar sin unha fonda tristeza.

Dende istas columnas enviamos á familia do finado, co'iste motivo, o pésame mais sentido, que aquela Irmandade fixo persente xa.

### ¿Qué será o amor?

¿Qué será? ¿Quén o veu? ¿De qué parte do abismo saliria ese ánxel con alas de buitre que cobixa baixo elas todo o mundo sideral e orgánico, que o mesmo tortura e abraia con sua lingoa de lume o miserable insecto que os xigantes titans que arabundos camiñan pol'o espacio sin fin.

¿Qué será o amor?

O adolescente camiño en doce, confiado abandono, até que un día Satanás, parapetado

tras d'unhos ollos mouros fisco no mais vulnerable do seu ser: o corazón. Desde entonces non se perteñece i camiña ô desconocido, impulsado por non sei que soplo misterioso: si interrompe alguna vez a súa marcha de automática, e pra interrogar ô bo.

¿Qué será o amor?

Mirade ese home coa fas lívida, desencaixada, apertando as cuadradas mandíbulas nun xesto de cólera bestial, con a man ensangrentada empuña un ferro que fixo desaparecer nas entrañas d'un sér que fica no chan. Afo-ga'o un hipo tráxico, leva as mans a cara, e excrama: Meu Deus, ¿por qué a matei, si-adouraba?

Un ritus amargo nos beixos da morta os ollos vidriosos miran vagamente ô infinito, coma interrogando:

¿Qué será o amor?...

J. LÓPEZ MIRÁS.



## Compagnie de Navigation SUD-ATLANTIQUE

### Saida do porto da Cruña para Bahia, Rio de Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos-Aires

O día 12 de Outono de 1919, aproisimadamente e salvo continxencias, sairá do porto da CRUÑA o paquebot correo francés


## ASIE

Ademite pasaxeiros de primeira, segunda, segunda intermedia e terceira crase.

Prezo do pasaxe en terceira crase ao Brasil, Montevideo e Bos-Aires **PESETAS 384'60**

Para mais informes dirixirse aos seus consignatarios:

Sres. OYA GILARD e COMPANIA, (S. en. C), Praza d'Ourense 2 B e Feixóo, 2.—A CRUNA



## Compañía Chargeurs Reunis

Pra os portos de Montevideo e Bos-Aires, sairá da Cruña sobor do 9 d'Outono, o lixeiro e magnífico vapor

## TROUDE

Admite pasaxeiros de 1.ª e 2.ª crase e 2.ª económica.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 354'60.

" medio boleto " " " 189'60.

Nenos mais novos de dous anos, un gratis por familia.

De dous a 10 anos. pagan medio pasaxe. Maiores de 10 anos, pasaxe enteiro.

NOTA INTRESANTE.—As mulleres que leven nenos que non chegan aos 10 anos, chamadas pol-os seus maridos, non poden embarcaren pra BOS AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS AIRES, permitiéndolles o desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algun, as cartas de chamada, autorizacions, nin poderes dados ante os Cónsules hespafios.

As mulleres que se atopen n'estas condicions e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamen teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non valen acompañados da súa familia.

O día fixo da saída anunciaráse con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Agencia o día 5 d'Outono pol-a mañán.

Pra informes dirixirse aos Agentes Xeneraes en Hespaña,

ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA d'OURENSE, 2.—A CRUNA.

# LA PROVEEDORA GALLEGA

DE


## XUAN VAZQUEZ PEREIRO

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua estreita de San Andrés. — A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? Porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós millores produtos i-a limpeza mais exquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESIVOS



### Grandes Talleres

DE LAVADO E PRANCHADO  
DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos (A Cruña: Cantón Pequeno, 12  
contraes (Vigo: Praza da Constitución, 12

Sucursales (Estreita de San Andrés, n.º 12  
na Cruña (Praza de Azcárraga, n.º 4  
(San Agustín, 22.

Sucursal en (Vigo (Circo, n.º 5

Todal-as nosas sucursales ostentan un letreiro como sinal, qu'è reprodución da marca de garantía eiquí estampada.

Recíbense encárragos de fora, y-espidense por meio das nosas sucursales.

Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encárragos.

False cárrago: de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

## A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRAS  
FOTOGABADO

BÁRREIRA, 7

A CRUÑA

Telef. 43:

### Os viños e coñas millores

son os qu'elsporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

### O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sosa é o ZINZANO (Torino).

### O Anís do Mono

é un einsprénd'ido licore sin rival

### Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros elsportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCRUVIDO: (matriculado) de todas istas marcas

**José C. Juncosa**

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A CRUÑA

## Lloyd Real Holandés

Amsterdam

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios

**GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA**

Saídas fixas-regulars da Cruña e Vigo, adimitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, intermedia e 3.ª clás.

Pra informes respeito a datas de saídas e prezos de pasaxes dirixirse ó

Axente xeneral da Compañía en España

**D. Raimundo Molina e Couceiro**

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO

**EFFECTOS NAVALES**

DE

FERRER Y COMPAÑIA—SUCESORES

**F. BERTRAN e MIRAMBELL**

VIGO e A CRUÑA

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

**GRAN FONDA****Las Cuatro Naciones**

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

**LA MODERNISTA**

GRAN SALÓN DE BARBEIRIA

— DE —

**RAMOSE ACEA**

San Andrés 94, 1.º—A CRUÑA

Establecemento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, loclós e fricclós de todas clases.

Nota: N'este establecemento atopará o público un servizo permanente a cárgo dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías, desta capital.

**Abonos Químicos Mineraes**Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo bordelés **ROUCH**Regenerador **ROSTAM** pra os animaes debles, pra que as gallinas poñan máis ovos, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a

Fernández, Fano y C.<sup>a</sup>—A CRUÑA**MATERIAES DE CONSTRUCCION****Cemento Asland**

Madeiras -- Carbón

CENTRO XENERAL DE SEGUROS

**IGNACIO PEDREGAL**

NA CRUÑA

**Gran H. Universal**

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

**Farmacia Europea**

— DE —

**López Abente**

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos establecimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arrego ós derradeiros adiantos.

**FRÁBICA MECÁNICA**

:-: DE CALZADO :-:

— DE —

**ANXEL SENRA**

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15.

A CRUÑA

**HOTEL CONTINENTAL**

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

**M. Losada Prado**

A CRUÑA

**LA SALUD****CASA DE BAÑOS**

A millor da Cruña

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)


**A FARTANZA**

DE

**CRISTINO P. REY**

PROGRESO, 40—A CRUÑA

Irmáns: os millores viños que bebedes na Cruña son os que vende ista casa. Quen os proba un vez xa non cata outros. Tamén vende os millores chorizos e xamóns de Lugo e toda crás de licores.

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directos dende o porto da Cruña

O 31 d'Outono aprosimadamente e salvo continxencias, sairá para a Habana e Veracruz o rápido paquete correo.

**VENEZIA****Prezos do pasaxe (incruído-os impostos)**

	Habana	Veracruz
Ponte paseo:		
Camarotes de luxo. . . . .	Ptas. 2.053'75	2.138'75
Id. exteriores. . . . .	> 1.668'75	1.753'75
Primeira crase		
Ponte superior:		
Camarotes exteriores. . . . .	> 1.498'75	1.593'75
Id. interiores. . . . .	> 1.293'75	1.378'75
Ponte inferior. . . . .	> 1.293'75	1.378'75
Segunda crase	> 1.103'75	1.088'75
Preferencia. . . . .	> 808'60	798'60
TERCEIRA CRASE. . . . .	> 328'60	343'60

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente.

O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hasta que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario

**DON NICANDRO FARIÑA**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo.